

NOTIFICACIÓN

Expediente	2021036530	Aprobación de actividades Xuventude
Asunto	Aprobación do programa FEMICAMP	

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, aprobou no día 26 de outubro de 2021, a seguinte resolución:

“O artigo 25.2.l) e o) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local enumera, entre as materias sobre as que os Concellos exercerán competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das CCAA, a de ocupación do tempo libre (letra l) e a de actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero (letra o).

En coherencia co anterior, o artigo 34.1.c) da Lei 6/2012, do 19 de xuño de xuventude de Galicia sinala, entre as competencias da Administración local, a creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.

Pola súa banda, o artigo 14 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes sinala, entre os criterios xerais de actuación dos poderes públicos, “o compromiso coa efectividade do dereito constitucional de igualdade entre mulleres e homes”, e “a adopción das medidas necesarias para a erradicación da violencia de xénero, a violencia familiar e todas as formas de acoso sexual e acoso por razón de sexo”.

Con data de 19.10.2021 a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística ordena o inicio do expediente de aprobación do programa FEMICAMP, Educación para a Igualdade, co fin de fomentar a educación en valores igualitarios sen discriminación por razón de xénero e concienciar e sensibilizar aos mozos e mozas para cambiar as actitudes e os comportamentos machistas.

As actividades de dito programa están dirixidas a 15 rapaces e rapazas empadroados no Concello de Ferrol (de non cubrir as prazas poderán cubrirse por persoas desprazadas por estudos matriculados en Ferrol), con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos. A selección farase por rigorosa orde de entrada das solicitudes de inscrición no Rexistro Municipal.

Consta no expediente informe técnico no que se propoñen as seguintes actividades, que se realizarán entre os meses de novembro e decembro e que se tramitarán, por razón do seu importe, a través dos correspondentes pedidos:

Actividade	Importe (con IVE incluído)
Materiais para obradoiros	418,77 €
Obradoiro de ioga	84,70 €
Obradoiros sobre sexualidade	930,00 €
Desprazamento a andaina	190,00 €
TOTAL	1.623,47 €

Á vista do exposto, propóñolle á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, a adopción do seguinte acordo :

Primeiro.- Aprobar a relación de actividades do programa FEMICAMP, Educación para a Igualdade, sinaladas anteriormente.

Segundo.- Aprobar o gasto pola contía total de 1.623,47 €, con cargo ás seguintes partidas orzamentarias:

- 418,77 € con cargo á partida 04102-3342-22199.
- 1.204,70 € con cargo á partida 04102-3342-22799.

Terceiro.- Aprobar o prazo de inscrición durante 5 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación da presente resolución no taboleiro da páxina web municipal”.

Examinada ademais a documentación que o acompaña.

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.”

O secretario xeral